

# BANDO MUNICIPAL

## “EDIFICACIÓN S EN LICENCIA”

No DOG nº 91, do 11 de maio de 2011, publicouse a instrucción 2/2011, de 12 de abril, que ten por finalidade establecer os criterios de interpretación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, **sobre edificacións sen licencia**.

A devandita disposición transitoria terceira permite que **as edificacións e construcións realizadas sen licencia ou sen autorización autonómica**, existentes con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2003, **respecto das que transcorra o prazo de caducidade de seis anos** sen que se adoptasen pola Administración medidas de restauración da legalidade urbanística ou mediambiental, queden **incorporadas ao patrimonio do seu titular** e suxeitas ao réxime previsto no art. 103.2 da Lei 9/2002, é dicir, **en situación legal de fóra de ordenación**, o que **implica que** neles se **poderán autorizar as obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e de mera conservación**, coa particularidade de que, estas últimas, se se poderán autorizar cando se acredite a preexistencia dun uso continuado e as necesarias para o mantemento dese uso.

As **condicións** que deberán cumprir estas edificacións e construcións serán as seguintes:

- Que a construción ou edificación non estea feita sobre terreos cualificados polo Planeamento como zona verde, espazo libre, dotación ou equipamento público (poden informarse no concello sobre a cualificación do terreo).
- Que a construción ou edificación estivese rematada totalmente antes do 1 de xaneiro de 2003 (este feito deberá ser acreditado documentalmente polo interesado).
- Que a Administración non adoptase ningunha medida de restauración da legalidade urbanística ou ambiental (esto é, que non abra contra a construción ou edificación feita sen licencia, ningún expediente administrativo por este motivo). Non obstante, se existise algún expediente administrativo aberto contra esa construción, sen que se notificase a súa resolución ao interesado e transcorresen seis anos desde o remate total das obras, o interesado tamén podería optar á incorporación da edificación ao seu patrimonio, por caducidade do expediente.
- Que exista informe previo favorable da Comisión superior de Urbanismo de Galicia cando a edificación esté localizada en solo rústico de protección de costas, augas ou espazos naturais.

Para que as edificacións que reúnan as citadas condicións queden incorporadas ao patrimonio do seu titular, **o interesado deberá de solicitar no Concello a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación**, coa **documentación** que se indica de seguido, e o Concello deberá de realizar a correspondente declaración.

- Instancia (modelo que se facilitará no Concello).
- Xustificante de abono das taxas.
- Documentación relacionada no punto 3 da Instrucción 2/2011, do 12 de abril, para a aplicación da disposición transitoria terceira da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sobre edificacións sen licenza. (DOG nº 91 do 11 de maio 2011): Acreditación da titularidade da edificación e da parcela, da existencia e antigüidade das edificacións, así como da finalización das obras, da preexistencia dun uso continuado da edificación, Fotos, Planos de situación e emprazamento indicando recuamentos, lindes, accesos..., Memoria descriptiva da edificación, certificación técnica de solidez e seguridade, consulta catastral descriptiva e gráfica...

O prazo para facer a solicitude no Concello remata o vindeiro 19 DE ABRIL DE 2012, que será o último día para presentar a instancia acompañada da documentación necesaria.

Monfero, 2 de xaneiro de 2012.  
O Alcalde,